


  
Banda Sinfónica  
Municipal de  
Ribadeo

 Asociación Amadores da Música



# *Aquí como en Viena*



**Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**  
**6 de xaneiro 2004**

**Ás 20:30h**

**Auditorio Municipal de Ribadeo**



## Bernardo Méndez Castro- Director

Nace en Lugo no seo dunha familia de artistas. Comeza cedo a estudar música baixo a man do seu pai, profesor de música e compositor. Estuda trombón nos conservatorios superiores de Santiago e A Coruña rematando a carreira coas mais altas calificacións, e mentras estuda en Madrid con Enrique Ferrando Santre. Asiste a cursos con prestixiosos profesores de Europa e Estados Unidos como Indalecio Bolet, Johan Etterbeek, Don Immel, Christian Lindberg, Jörgen van Rijen, etc.

En 1995 é becado pola Orquesta Sinfónica de Galicia coa que colabora no Festival Internacional de Murcia, no Festival Lírico Jerezano, así como na difusión da música española para Radio Nacional. Tamén foi seleccionado para realizar estudos de posgrao no Rotterdam Conservatorium (Holanda) sendo o primeiro español da súa especialidade que obtén praza para realizar un máster naquel país.

Colabora e realiza cursos con directores de recoñecido prestixio como James Ross, Enrique Garcia Asensio, Marcel van Bree, Eliahu Imbal, etc.

Foi membro da Banda Municipal de Lugo, suboficial no Corpo de Música Militar, profesor de trombón e xefe de estudos no conservatorio profesional de Sarria, director da Banda e da Escola Municipal de Música de Bande (Ourense). Tamén aproba, por oposición, unha praza na Banda Sinfónica Municipal de Madrid.

É membro fundador do trio "Lucas Trombonis", co que ten grabado un CD, e do quinteto "Xanama Galician Brass". Colabora coa Banda Sinfónica de Galicia e coa Orquesta Nacional de España.

*"Todo artista necesita demostrarse a sí mesmo e ó público que ten talento, que é válido na disciplina que dirixe a súa vida. Nos facémolo no escenario.*

*Atendendo a isto, a música é unha das disciplinas artísticas mais complicadas porque é unha arte representativa. Unha obra musical está escrita en papel, pero non está feita e ramatada dunha vez por todas, porque cada ocasión en que se representa é única.*

*Por esto, a música está viva. Non ten forma, non ten tacto, nos sepode apreciar coa vista, pero si nos fai sentir.*

*Disfrutemos e sintamos a música Aquí como en Viena".*

## PROGRAMA

INQUIETUDES CULTURALES . . . . . *Rafel Doménech Pardo*

CORAL VARIADO DA CANTATA 140 . . *Johann S. Bach*  
(Oratorio de Nadal )

THE GODFATHER . . . . . *Nino Rota*

ROMANCE POUR HELENE . . . . . *Koen de Wolf*

BEAUTY AND THE BEAST . . . . . *Alan Menken*

KING ARTHUR . . . . . *Kees Schoonenbeek*

- I. *Camelot Castle*
- II. *Lancelot*
- III. *Ginevere*
- IV. *Merlin*
- V. *Excalibur*